

PROGRAMA DE IMPULSO Á PARTICIPACIÓN DA UDC NO ESPAZO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN

1. Antecedentes

No eido das súas atribucións, a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia (VPCIT) da Universidade da Coruña (UDC) desenvolve diversas accións de dinamización da participación da comunidade investigadora en proxectos europeos, nomeadamente no marco do Programa Cadro Horizonte 2020 (H2020). Estas accións son implementadas, dende un punto de vista operativo, pola Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), asegurando unha correcta sintonía coas directrices marcadas polo Plan Estratéxico UDC2020, en particular co seu obxectivo estratéxico de internacionalización da investigación e a transferencia.

Neste contexto, o pasado 13 de decembro de 2017 foi comunicada formalmente a concesión á UDC dunha axuda obtida no marco da convocatoria competitiva “Europa Redes y Gestores – Europa Centros Tecnológicos 2017” financiada polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MINECO). O obxectivo deste programa é dotar aos beneficiarios dunha estrutura estable e de recursos adicionais para unha axeitada preparación e xestión de proxectos europeos, mellorando o seu posicionamento e posibilidades de obter financiamento procedente da Unión Europea, prestando especial atención ao Programa H2020.

Esta axuda do MINECO está orientada ao financiamento dun Programa de Impulso á participación da UDC no Espazo Europeo de Investigación. Este Programa abrangue diversas liñas de acción para a dinamización da participación da UDC en proxectos europeos, que deben ser desenvolvidas até o 31 de decembro de 2018, e que están artelladas arredor de tres obxectivos específicos:

- I. Fomentar e apoiar o acceso ao financiamento internacional
- II. Aumentar a concorrencia en convocatorias competitivas internacionais
- III. Mellorar a formación de novos investigadores

2. Obxectivos

Dende a VPCIT considérase que, en última instancia, o beneficiario final desta axuda acadada pola UDC debe ser o conxunto da comunidade investigadora da Universidade. Xa que logo, lánzase esta iniciativa para dar apoio aos investigadores interesados en desenvolver actividades que contribúan a unha axeitada implementación dos obxectivos establecidos no Programa de Impulso.

Entre outras, as actividades obxecto de axuda poden ser dirixidas a calquera dos seguintes **eixos**:

1. Participación en eventos e/ou reunións internacionais, directa ou indirectamente relacionadas coa presenza en proxectos europeos, particularmente do programa H2020:

1.1. As actividades directas poden incluír, entre outras, a participación en InfoDays, Proposers Days, eventos de brokerage ou networking, reunións de formación de consorcios, actividades durante o proceso de avaliación de propostas (entrevistas), ou actividades durante o proceso de contractualización.

1.2. As actividades indirectas poden incluír, entre outras, a asistencia a actos de redes europeas, plataformas tecnolóxicas, partenariados público-privados e outras asociacións de interese do Espazo Europeo de Investigación

2. Labores de asesoramento e apoio para promoción de propostas europeas, en particular do programa H2020. Estes labores poderán incluír, entre outros, o apoio por medio de consultaría especializada para definición de ideas de proxecto, redacción/revisión de memorias técnicas, etc.

Por medio da aceptación da axuda outorgada, a UDC asume o compromiso de acadar unha serie de indicadores establecidos na memoria de solicitude. Estes indicadores específicos son os seguintes:

- Financiamento obtido no Programa Cadro para o período de execución da actuación
- Nº de Pemes involucradas en proxectos aprobados e financiados do Programa Cadro
- Financiamento europeo non procedente do Programa Cadro
- Financiamento doutros programas internacionais (non europeos)
- Nº estimado de propostas a presentar con participación da UDC no Programa Cadro
- Nº estimado de propostas a liderar pola UDC no Programa Cadro
- Nº novas empresas(<6 años) a involucrar nos proxectos do Programa Cadro
- Número de contratos I+D+i colaborativa

3. Desenvolvemento de actividades no marco do Programa de Impulso

3.1. Presentación de Solicitudes

Os solicitantes deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Deben ser membros en servizo activo do PDI da UDC, que presten os seus servizos na UDC no momento de resolverse a convocatoria e tamén durante todo o período de execución da actividade para a que se solicita a axuda.
- Deben figurar no Catálogo de Investigación da UDC, agás se actúan en representación dun órgano colexiado, nas accións que así o permitan.
- Deben terse presentado de xeito individual á avaliación pola ANEP no período 2015–2018, ou pertencer a un grupo de investigación ou unidade que se presentase á avaliación pola ANEP nese período. Para proceder ao pagamento, a persoa solicitante debe estar ao corrente coa UDC no cumprimento das obrigas contraídas con ocasión de axudas ou anticipos concedidos.

Para presentar unha solicitude deberá remitir á OTRI a través de correo electrónico un documento no que se indicará a persoa de contacto e unha breve memoria descritiva que recolla a información necesaria para a avaliación da actividade para a que se solicita a axuda, segundo os contidos e formato indicado no Anexo I. A persoa de contacto establecida recibirá un confirmación da correcta recepción da solicitude a través de correo electrónico, e que servirá coma resguardo da mesma.

A persoa de contacto na OTRI para a recepción de solicitudes será un técnico directamente vencellado á execución do Programa de Impulso e á xustificación técnica e financeira da axuda outorgada polo MINECO:

Persoa de contacto: Xose Manuel García García.

Teléfono: 881 01 2692

Correo electrónico: otri.europa@udc.gal

Non se establece limitación máxima para o orzamento da actividade para a que se solicita a axuda, nin para o número de solicitudes a ser enviadas por parte dun investigador, ou por parte de grupos e/ou unidades de investigación. Sen embargo,

- cada solicitude debe ir dirixida a un único eixo (segundo a descrición do apartado 2.- Obxectivos) e para unha única actividade concreta.
- as actividades obxecto de axuda deberán ser executadas con anterioridade ao peche do Programa de Impulso, establecido para o 31 de decembro de 2018.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto de xeito continuado até o 1 de novembro de 2018. As solicitudes serán avaliadas de acordo cos criterios establecidos no seguinte apartado até o esgotamento do orzamento dispoñible para cada unha das actividades propostas.

Estas axudas son incompatibles con axudas obtidas para a mesma finalidade no marco da “Convocatoria de axudas á Investigación 2018” da UDC,

http://www.udc.es/investigacion/convocatorias/convocatorias_UDC/axudas2018.html

3.2. Avaliación de solicitudes

Para a avaliación das solicitudes recibidas crearase unha “Comisión de análise de solicitudes” formado por persoal da OTRI e/ou da VPCIT, e que poderá contar coa colaboración de profesionais externos.

A avaliación será realizada en base aos seguintes criterios:

1. Potencial contribución da actividade proposta aos obxectivos e indicadores establecidos no Programa de Impulso, especialmente no referente ao financiamento obtido no H2020 e ao número de empresas involucradas en propostas H2020.
2. Grao de madurez e concreción da actividade proposta.
3. Viabilidade temporal da actividade proposta con respecto aos obxectivos e indicadores establecidos no Programa de Impulso.
4. Relación custo real vs. beneficio potencial da actividade proposta con respecto aos obxectivos e indicadores establecidos no Programa de Impulso.
5. Para o caso particular de participación en eventos e/ou reunións internacionais, directa ou indirectamente relacionadas coa presenza en proxectos europeos, particularmente do programa H2020, serán consideradas prioritarias (sen prexuízo dos criterios anteriores) as solicitudes nas que o solicitante se comprometa a redactar e presentar, coma resultado das actividades desenvolvidas no evento/reunión obxecto da axuda, unha proposta dirixida ao programa H2020 antes do 31 de decembro de 2018.
6. Para o caso particular de labores de asesoramento e apoio para promoción de propostas europeas, en particular do programa H2020, estas propostas deberán ser presentadas, en calquera caso, antes do 31 de decembro de 2018 e serán consideradas prioritarias (sen prexuízo dos criterios anteriores) as solicitudes nas que se produza algunha das seguintes circunstancias:
 - que a UDC exerza o papel de coordinador da proposta.
 - que estea involucrada unha empresa galega ou, de non ser o caso, española, e que a súa participación poida ser atribuída á intervención da UDC.
 - que a UDC exerza o papel de parceiro e teña un orzamento igual ou superior a 200.000 euros.

3.3. Resolución e notificación

Os técnicos da OTRI da UDC comunicarán o resultado da avaliación nun prazo máximo de 15 días desde a efectiva recepción da solicitude e, no seu caso, o importe e condicións da axuda concedida á persoa de contacto indicada en cada solicitude.

4. Custos e financiamento

Este programa de dinamización da participación da UDC en proxectos europeos está financiado con cargo á convocatoria “Europa Redes y Gestores – Europa Centros Tecnológicos 2017” financiada polo Ministerio de Economía, Industria e Competitividad (MINECO)

5. Tratamento da información

Toda a documentación e/ou información xerada ou achegada polos solicitantes e polo resto das partes durante o proceso que non for de dominio público terá carácter confidencial e non poderá ser difundida baixo ningún concepto sen a autorización expresa e por escrito das partes implicadas.

ANEXO I: Formatos modelo de solicitude

Eixo 1. Participación en eventos e/ou reunións internacionais, directa ou indirectamente relacionadas coa presenza en proxectos europeos, particularmente do programa H2020

A. Datos do solicitante

NOTA: Utilizar a táboa I para solicitantes integrados nun grupo/unidade de investigación ou ben a táboa II para solicitantes que sexan investigadores individuais

I. DATOS DO GRUPO/UNIDADE DE INVESTIGACIÓN (se procede)

Datos do grupo/unidade	
Nome do grupo/unidade de investigación:	Código:
Departamento:	
Ano de avaliación ANEP:	
Persoa de contacto para a solicitude:	
Correo electrónico:	Teléfono de contacto:

II. DATOS DO INVESTIGADOR INDIVIDUAL

Datos da persoa responsable da acción		
Apelidos:	Nome:	NIF:
<input type="checkbox"/> Catedrático <input type="checkbox"/> Titular <input type="checkbox"/> Asociado <input type="checkbox"/> Axudante <input type="checkbox"/> Axudante doutor <input type="checkbox"/> Contratado doutor		
<input type="checkbox"/> Colaborador <input type="checkbox"/> Contratado predoutoral <input type="checkbox"/> Contratado posdoutoral <input type="checkbox"/> Outros: Especifique		
Departamento:		
Modalidade de inscrición no catálogo : <input type="checkbox"/> Grupo <input type="checkbox"/> Unidade <input type="checkbox"/> Investigador individual		
Código no catálogo:	Ano de avaliación ANEP:	
Correo electrónico:	Teléfono de contacto:	

B. Datos do evento/reunión

DATOS DO EVENTO/REUNIÓN
Nome/descrición:
Lugar:
Datas:
Web de información e/ou axenda:
Organizadores:
Entidades colaboradoras:
Relevancia da actividade e dos obxectivos previstos (máximo 1.000 caracteres):
Potencial contribución da actividade proposta aos obxectivos e indicadores establecidos no Programa de Impulso (máximo 1.000 caracteres):

C. Orzamento

ORZAMENTO TOTAL DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA:	
Concepto	€
	€
	€
	€
	€
	€
Total gastos	€
AXUDA QUE SE SOLICITA:	€

D. Outras axudas solicitadas

OUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN:			
Organismo	Data solicitude/ Resolución	Euros	Estado s/c
		€	
		€	
		€	
Total:		€	

Indicar, de ser o caso, se o solicitante se compromete a redactar e presentar, coma resultado das actividades desenvolvidas no evento/reunión obxecto da axuda, unha proposta dirixida ao programa H2020 antes do 31 de decembro de 2018.

VÁLIDO SÓ A EFECTOS INFORMATIVOS

Eixo 2. Labores de asesoramento e apoio para promoción de propostas europeas, en particular do programa H2020

A. Datos do solicitante

NOTA: Utilizar a táboa I para solicitantes integrados nun grupo/unidade de investigación ou ben a táboa II para solicitantes que sexan investigadores individuais

I. DATOS DO GRUPO/UNIDADE DE INVESTIGACIÓN (se procede)

Datos do grupo/unidade	
Nome do grupo/unidade de investigación:	Código:
Departamento:	
Ano de avaliación ANEP:	
Persoa de contacto para a solicitude:	
Correo electrónico:	Teléfono de contacto:

II. DATOS DO INVESTIGADOR INDIVIDUAL (ir inscrito no Catálogo de Investigación da UDC)

Datos da persoa responsable da acción		
Apelidos:	Nome:	NIF:
<input type="checkbox"/> Catedrático <input type="checkbox"/> Titular <input type="checkbox"/> Asociado <input type="checkbox"/> Axudante <input type="checkbox"/> Axudante doutor <input type="checkbox"/> Contratado doutor <input type="checkbox"/> Colaborador <input type="checkbox"/> Contratado predoctoral <input type="checkbox"/> Contratado posdoctoral <input type="checkbox"/> Outros: Especifique		
Departamento:		
Modalidade de inscrición no catálogo : <input type="checkbox"/> Grupo <input type="checkbox"/> Unidade <input type="checkbox"/> Investigador individual		
Código no catálogo:	Ano de avaliación ANEP:	
Correo electrónico:	Teléfono de contacto:	

B. Datos da proposta

DATOS DA PROPOSTA A PRESENTAR (MÁXIMO 2 PÁXINAS PARA A TOTALIDADE DA DESCRICIÓN)
Programa de financiamento e topic (se procede):
Nome e acrónimo da proposta:
Estado da arte / punto de partida:
Obxectivos previstos:
Resultados esperados:
Estrutura de paquetes de traballo e/ou actividades previstas:
Duración e orzamento previsto (cifra total e cifra prevista para a UDC):
Consortio previsto, especificando o papel da UDC e a posible presenza de Partners:

C. Orzamento

ORZAMENTO TOTAL DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA:	
Concepto	€
	€
	€
	€
	€
	€
	€
Total gastos	€
AXUDA QUE SE SOLICITA:	€

D. Outras axudas solicitadas

OUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO FIN:			
Organismo	Data solicitude/ Resolución	Euros	Estado s/c
		€	
		€	
		€	
Total:		€	

VÁLIDO SÓ A EFECTOS INFORMATIVOS